

Follas do Cineclub | 29/11/2017

05

Praza Euner

(As Utópicas, Virxinia Polke e David Castro. 2017, 60')
Xa vai Edgardo 4' / Centellas 1' / Outro lado 9' / Ceo 1' / Esmorgan 1' / Pio 1' / Syntagma 27' / Quen é Madeleine? 4' / Assisi 11'

SOBRE PRAZA EUNER

1. *Cinema cativo, pobre; en proceso, sen proxecto a priori máis que a urxencia dos días. Situado baixo a irmandade das imaxes, baixo o común por facerse alén da usura. De vez: interesado por trazar o conflito do real, por pensar na imaxe de onde ela vén: o complot do territorio, as resultas sociais e políticas que fan da imaxe unha forza. Logo así *esa outra volta que resta por dar* en capas de pensamento.

2. A sensación ao estenderse en correlación á intelixencia / a intelixencia ao estenderse en correlación á sensación sobre a oración, sobre o lenzo; e antes, sobre a infinita correlación de CORPOS a dous mecanismos por "imaxe". Queda aquela idea, como dicir. Que é o que move a un corpo a lanzarse cara ao exterior sen máis acubillo que a vertixe dunha acción no aquí do *singular-plural* pensado?

Insístese en que os filmes *Syntagma* e *Assisi* son traballos ao redor do cambio climático. E tamén en *Quen é Madeleine?* e en *Outro lado* asistimos á deconstrución do imperio a través do vagabundear das imaxes como potencia.

3. *Camiño das bestas / Animal ao trote / Dada a inscrición da cultura: Que! / Predella / O canto dos paxaros ao rente da boca da rompente / O lugar dende onde o desexo lle lanzou ao mundo un corazón para dar coa difícil manobra do día-noite en luz / O que gañamos foi sen débeda / Agora / Do que lle restou ao mundo a súa desaparición só sabe a vía láctea, o corazón, corazón / Bobo / Sendo os corpos propias forzas e as forzas propias aos corpos en intelixencia de sensación... / pola boca dos ríos que memoria ascende á contra das imaxes palabras? / Agora ben, a idea de forza é unha xigantoloxía //

**Francisco ou a orde do territorio / Syntagma: función do tempo e función daquela imaxe repetida até o infinito / deixarse á luz até que todo o visible e o non visible deite paz sobre os corpos en guerra / dada toda imaxe todo syntagma toda escritura Alén do tacto / Polo tacto rebotado da pantalla / O mundo a estas alturas / Refugallos da RAÑA / *Clarisa, rediós, non che agradecín os retratos de barbaridá* / Moza de barrio: non vou pensar en nada máis que en cousas bonitas! Ao rente da fita //

***E isto é o que aprendemos na experiencia dos filmes: por cada imaxe un son, por cada son unha imaxe pero tamén un toque. Un peso, un corpo que pode, que pesa e que pensa o que pode unha imaxe, o que unha imaxe trae canda ela. Pero tamén o que resta cando ela cesa. Sendo a propia escritura trama corpuscular, composición entón de agregados de imaxes en relacións en guerra, determinadas a se autodeterminar cara a un outro lado. Ese lugar, unha ocupación do espazo por agregados dispares e singulares, é o que nós chamaremos Syntagma. Así o lugar que ocupan as imaxes unha tras outra, unhas nas outras, éo por contigüidade ou raccord de afectos. Imaxes atributivas todas elas por dar en expresar o corazón do común. Extra-expropiadas á usura!

SOBRE SYNTAGMA

1. Subterráneo.

Onde a casa é un foso. Unha pasaxe de cámara escura. Un moble tolo, teito de coche, teito de hospital. A praza EUNER en nós. Precisamos dez mil regresos para acadar a súa forma libre no cotián. Un neno anuncia o que está fora: a praza é un xardín. Trátase de marcar a profundidade da praza, de elevar á superficie a turbulencia que nos arrinca da dor para nos engraiar no común. A turbulencia, no entanto, non é aínda o común, pero si a única vía unitiva ao outro en nós. O edificio da fábrica actúa como TÓTEM.

2. Purgatorio.

Visita guiada. *Fabrican tabacos*. O Teatro de Oklahoma. A xente entra no foso. Espazo horizontal no espazo vertical. Planta baixa. Xulgado de Menores. Do fiado de tabaco ao fiado dunha sentenza. Campás. Cadro sonoro. Marnie. No sangue. Salta do foso un territorio. Aquí a idea en descenso ao inferno da fiscalía rexia. Un musical, quixemos facer un musical. A lei do tímpano: o ollo vesguea. Repartición oclusiva da cidade.

3. Paraíso.

Construción suxeita aos tropos. Onde o edificio é unha falla. Contra - palabra. Bambú fronte ao imperio. Tropos que dividen o tempo en forma de postal desmantelan as xerarquías do real. Dados. A danza das moedas. A ferverza. É como a preparación de *Assisi*. Partes do campo asolado pola batalla; a praza en guerra, bombardeada. Poren, aquí a idea do paraíso, da viaxe como forza ou xigantoloxía dos afectos. Entrada na escritura por vir (-FRANK-). Posta en abismo, son os animais os que rachan coa traza do real. Os niveis de lectura. "Non é a política, senón a morte. A política da morte. Por iso a necesidade de retribuír o facer aos corpos. E a vida é desfeita, etc."

SOBRE ASSISI

que da medida
seis por trinta e un días de intercambios para asentar o músculo no óso
Músculo do ollo
O martelar da idea por saltar ao brillo.

FRANK

PRAZA EUNER

AS UTÓPICAS, VIRXINIA POLKE E DAVID CASTRO

ANO CERO / OUTRO: PENSAR OS FILMES DAS UTÓPICAS: OUTRO LADO (E) QUEN É MADELEINE?

Outro lado

A vida cotiá, capas dunha cebola. Onde viven as brisas futuras?

Un filme realizado en Xullo de 2017.

Quen é Madeleine

É posible mirar *Vertigo* con outros ollos? Poderíase refacer coa mirada de Madeleine?

Vídeo realizado con fragmentos de *Vertigo* (Alfred Hitchcock, 1958) e *Level Five* (Chris Marker, 1997). Trátase dun vídeo con carácter ensaístico e divulgativo, polo que os dereitos das imaxes e dos sons empregados corresponden a quen lexitimamente ostente a súa propiedade.

O que seguiremos é unha liña de tempo marcada por determinados asuntos que, partindo de narrativas disímiles, se han atopar nestes dous filmes. Así, certa repetición ou insistencia por saír do marco, da lei, da ordenación trazada por certo límite. A historia de Madeleine, pero ao mesmo tempo a de Carlota e a de Judith, tanto coma a dos mozos que, supomos, habitan no filme *Outro lado*. Diredes que *Outro lado* e *Quen é Madeleine*? diverxen máis do que converxen nun mesmo plano de sentido. Por plano de sentido entendemos o que de real a imaxe é capaz de pór en escena logo das operacións filmicas. E é nesta idea onde se afinsa a nosa reflexión.

Na terceira parte de *En Outro lado* as imaxes vagabundean en silencio e cunha plenitude de desenfoques na que se aprestan á súa resurrección. E que artefacto repite esta función en *Quen é Madeleine*? Quedemos coa idea-pregunta: que pode unha imaxe? Acaso inventar un novo plano de sentido co que rachar co marco? Pois ben, todo nestes filmes xira arredor de tal requirimento. En *Madeleine* de maneira expresa, por apropiación, logo dun proceso que viaxa pegado a cada fotograma, por deconstrución daquilo que habita como pegada de poder no clasicismo da industria.

A que atende a potencia duna imaxe en Hitchcock? Que institúe e coroa unha tal ideación ou correlación de imaxes no plano político?

Isto dá que pensar, estes dous filmes ancorados na disensión dan para resituar a imaxe como forza tractiva de brisas futuras.

Isto pensa:

1. A confrontación dos planos, quer por disensión do encaideamento das imaxes, quer por deconstrución dunha idea filmica do pasado ou da memoria do cine.

2. O posicionamento antipatriarcado, pois é o propio patriarcado o que ten pretensión de marcar o límite, os límites tanto territoriais como identitarios. É por iso que Madeleine é, e non é Madeleine. Xa que nas marxes, nas fisuras, no máis acó/alá do cadro, vive a imaxe liberada, fraterna, común por singular.

3. O corte ou traza que divide a ficción da non ficción. Facerse forte aí, no abismo da expresión.

4. A industria, ao tempo que unha techné «pobre» alindada na forza de traballo, e amigada ao corpo de Tiresias.

5. A idea de forza como xigantoloxía.

6. O fóra do relato, que non da(s) historia(s). Como din as Utópicas, toda imaxe é un espello distorsionado. E nós citamos: «Podería ser, entón, que a imaxe estivese insepulada coa violencia sinxelamente porque é un obxecto inseparablemente técnico, histórico e legal?». Entón, ao que as protagonistas do filme se expuñan de contado no pasear o tempo filmico era á morte, á propia, non á de ningún ser querido.

Así: o sangue e as flores / o dentro e o fóra / a cebola e a perturbación das capas da propia cebola ao escapar impropio do reconto / a cortina que corta o ollo e a lúa que o ilumina / a trabe que demarca o horizonte da angustia e o operativo que pensa a linguaxe / por iso todo implosiona muda colle gramma corpo vida faise consciente e estoupa o mapa / os desenfoques patentizan o dispositivo / a implosión da escritura / a deflagración polo amor ao impropio do límite / en definitiva, rostrocidade: ano cero / outro

“Até tal punto que se o humano ten un destino, ese sería o de escapar ao rostro, desfacer o rostro e as rostrificacións, devir imperceptible, devir clandestino, non por un retorno á animalidade, nin sequera por retornos á cabeza, se non por devires-animaís moi espirituais e moi especiais, por estraños devires en verdade que franquearán a parede e sairán dos furados negros, que farán que até os trazos de rostricidade se subtraían finalmente á organización do rostro, xa non se deixen englobar polo rostro; pencas que foxen cara ao horizonte, cabelos arrastrados polo vento, ollos que unha atravesa no canto de mirarse neles ou de miralos no taciturno cara a cara das subxectividades significantes”.

Grazas: a Samuel, Catuxa, Suso, Lucia, Bea, Min, Lydia R, Miguel G e ao colectivo *opel-praia*.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogspot.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

NOV 2017

MÉRcores 1

A cura (キュア [Kyuua], Kiyoshi Kurosawa, Xapón, 1997, 111', VOSG)

MÉRcores 8

Os nenos lobo Ame e Yuki (おおかみこどもの雨と雪 [Ōkami Kodomo no Ame to Yuki], Mamoru Hosoda, Xapón, 2012, 117', VOSG)

MÉRcores 15

O home no cadro (Человек в рамке [Chelovek v ramke], Fyodor Khitruk, Unión Soviética, 1966, 10', VOSG) *As plumas da grúa* (Журавлиные перья [Zhuravlinye perya], Ideya Garanina, Unión Soviética, 1977, 10', VO) *A harmónica de cristal* (Стекло́нная гармо́ника [Steklyannaya garmonika], Andrey Khrzhanovskiy,

Unión Soviética, 1968, 19', VOSG)

Conto de contos (Сказка сказок [Skazka skazok], Yuriy Norshteyn, Unión Soviética, 1979, 29', VOSG)

MÉRcores 22

Roma, cidade aberta (Roma, città aperta, Roberto Rossellini, Italia, 1945, 103', VOSG) Xornadas contra a represión. En colaboración con a Gentalha do Pichel, csoa Escarnio e Maldizer e CSA do Sar

MÉRcores 29

Praza Euner (As Utópicas, Virxinia Polke e David Castro. 2017, 60') Coa presenza das directoras